

A presente comunicación pretende amosar unha pequena visión do que ven sendo o proxecto de KACHÍ-KALÍ, de educación para a saúde para mulleres xitanas, que se leva a cabo no concello de Riveira desde o ano 2001.

KACHÍ-KALÍ é executado polo equipo técnico de XENEME-Intervención Social S.L.L.(empresa de xestión e comunicación de servizos socioeducativos), a partir da coordinación dos Servizos Sociais do concello, principalmente desde a figura da encargada do plan xitano **Pilar**

Este proxecto foi medrando pouco a pouco, ata o presente. Empezou de maneira moi puntual, tentando principalmente que as destinatarias aceptasen o equipo de educadoras, que se sentisen cómodas con elas. A medida que foi transcurrido o tempo e afrontamos diversos tropezos, KACHÍ-KALÍ, hoxe en día é un espazo de reflexión, convivencia, relación e aprendizaxe de todas as destinatarias.

Podemos dicir que o traballo sobre a saúde abrangue a súa concepción máis ampla: traballamos a autoestima, a amizade, a confianza, o posicionamento social forte como mulleres, a autonomía, o tempo libre, ...en definitiva facer que as mulleres se sintan máis contentas consigo mesmas e disfruten de certo tempo para elas acadando unha mellor calidade de vida.

Outro dos maiores avances deste proxecto foi a saída a comunidade: a posta en marcha de actividades que implicaron dar a coñecer a poboación de Riveira o potencial das mulleres xitanas. Así publicouse un recetario xitano elaborado por todas, organizouse unha xornada gastronómica, na praza do concello, no que se convidou os paseantes a probar postres e café xitano, e logrouse organizar un concerto no auditorio do concello, no que as solistas eran as propias mulleres.

Todas estas actividades tiveron moi boa acollida, e lograron acadar que os propios políticos amosaran o seu compromiso por continuar con esta iniciativa.

Un pilar fundamental deste crecemento, é posible gracias o sistema avaliativo que se fai.: diagnóstico inicial cos SS.SS. das necesidades de cada muller, elaboración de fichas de seguimento individualizado con cada muller, avaliación diaria de cada sesión de traballo,...todo recollido nun riguroso informe final e reforzado pola comunicación fluída e continua entre o equipo técnico e o persoal de SS.SS.

O compendio de axentes motivados e comprometidos co proxecto (Servizos Sociais, políticos, equipo técnico e a propia comunidade), fai posible que sigamos avanzando e mellorando.

A idea de KACHÍ-KALÍ e seguir medrando coas propias mulleres.

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones/Comunicacións

Este documento foi realizado polo equipo técnico do programa KACHÍ-KALI que está composto por:

Dna. Milagros Hermida Miser. Diplomada en Educación Social. XENEME Intervención Social S.L.L.

Dna. Ania Piñeiro Miras. Diplomada en Educación Social. XENEME Intervención Social S.L.L.

INDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. A SÚA HISTORIA
3. FUNDAMENTAMENTACIÓN
4. OBXECTIVOS
5. METODOLOXÍA
6. AVALIACIÓN
7. RESULTADOS ACADADOS
8. A MODO DE EPÍLOGO
9. BIBLIOGRAFÍA

INTRODUCCIÓN

KACHÍ-KALÍ é un programa de Educación para a saúde dirixido a un grupo de mulleres xitanas do concello de Riveira que comenzo no ano 2001, a partir da demanda dos Servicios Sociais a XENEME Intervención Social.

A súa pretensión, era fomentar uns hábitos cotiás saudables así coma reducir riscos para o seu benestar e garantir unha maior calidade de vida tanto para elas como para as súas familias.

A medida que o proxecto foi avanzando o tratamento da saúde cobraba maior dimensión.

Traballamos a saúde das mulleres desde unha perspectiva totalmente integral: a saúde como benestar físico, psíquico e social: o reforzo da súa autoestima, o autoconecemento, as habilidades sociais, o reforzo das potencialidades artísticas e as respostas as súas inxedanzas como mulleres, parellas e nais.

Actualmente KACHÍ-KALÍ, converteuse nun lugar de encontro para as destinatarias. Nel séntense libres e cómodas, sendo para moitas, o único espacio que teñen para mostrarse como son realmente.

A relación establecida entre as educadoras e as destinatarias posibilita que as veces o rol mantido sexa o de mediadoras.

Outro aspecto clave deste programa é a relación establecida entre a persoa responsable do Plan Xitano, xunto co resto de persoal dos SS.SS., e o equipo técnico. Traballase de forma coordinada e organizada, todo o que se fai ten unha lóxica dentro do traballo individualizado con cada muller e é extensible ás familias.

Esta comunicación pretende de maneira sinxela, presentar os criterios nos que se asenta este programa, como unha experiencia concreta e eficaz no traballo con minorías culturais.

A SÚA HISTORIA

KACHÍ-KALÍ, comenzo como un proxecto de **Educación para a Saúde** co colectivo de mulleres xitanas do **Concello de Riveira** no ano 2001, pola demanda específica do **DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS** do concello, e concretamente da persoa responsable do Plan Xitano.

De maneira esquemática a nosa andaina foi a seguinte:

- ▶ **2001:** Intégrase o programa no **PLAN XITANO DO CONCELLO DE RIVEIRA** (departamento de servizos sociais). Nace como un **PROGRAMA EXPERIMENTAL DE EPS PARA MULLERES XITANAS** (introdúcese dentro dun obradoiro de costura consolidado, o que acudían regularmente as mulleres)
- ▶ **2002:** adquire espazo propio (dúas horas a semana): desligándose da actividade de costura. Vinculado xurde outro proxecto de Prevención da Violencia desde a Educadora Familiar do concello, o que acoden tamén as mulleres de KACHÍ-KALÍ.
- ▶ **2002:** Consolídase pouco a pouco, aumentando as sesións semanalmente.
- ▶ **2003:** adquire identidade propia: **KACHÍ-KALÍ** (muller xitana). Aséntase un día a semana con 2 horas de duración.
- ▶ **2004:** Na actualidade trabállase cun grupo de **14 MULLERES** de xeito sistemático, facendo actividades de participación comunitaria (xornada gastronómica xitana, concerto de cantos **KACHÍ-KALÍ,...**).
- ▶ Hoxe por hoxe é un **ESPAZO DE REFLEXIÓN, TRABALLO, E CONVIVENCIA** para este colectivo de mulleres

A singradura feita ata o de agora non rematou, KACHÍ-KALÍ cada vez cobra máis recoñecemento e dimensión, non soamente dentro da poboación xitana senón en toda a comunidade de Riveira. Isto fai que as propias mulleres se sintan moito máis vinculadas o programa e orgullosas de participar nel.

FUNDAMENTAMENTACIÓN

O ambiente físico e cultural no que se atopa a comunidade xitana, fai que, en moitas ocasións, adopten uns hábitos e patróns conductuais de saúde moi prexudiciais. Por este motivo traballar sobre a saúde co colectivo feminino é fundamental xa que é o colectivo transmisor de valores e tradicións da comunidade e tamén o que se ocupa dos coidados dos diferentes membros da familia (en realidade a comunidade xitana vive cun

matriarcado encuberto ou privado). Por todo esto considerabamos que as mulleres xitanas son un primeiro destinatario para unha intervención en Educación para a Saúde eficaz:elas son o motor de cambio.

Aínda que a EpS con este colectivo debe centrarse na información e no asesoramento constante sobre criterios de saúde, un pilar fundamental pasa por non limitarnos a traballar sobre nutrición, enfermidades e hixiene senón que debe sustentarse sobre a potenciación da súa autoestima como nais, parellas e sobre todo como mulleres. Isto levounos a ter que plantexarlles, sempre con moito tento e flexibilidade, e nun clima de total confianza, cuestións que as levasen a reflexionar e interiorizar contidos que teñen que ver coas súas relacións familiares, coas vivencias da súa sexualidade, e máis xeralmente con todo aquilo que tivese que ver co seu corpo tendo en conta a dimensión afectiva.

Logo dun primeiro momento no que se afondou máis sobre a saúde da familia, o coidado dos nenos, etc, a continuación comezouse a traballar sobre aspectos máis específicos e incluso persoais chegando a afondar en cuestións como a saúde sexual.

Considerando que a participación activa de esta comunidade é moi complicada era imprescindible que as actividades se presentasen dunha maneira moi flexible e con un nivel moi alto de adaptabilidade en función dos seus intereses, motivacións e posibilidades. Esta foi unha das principais características de esta intervención e unha das razóns nas que se apoia o óptimo nivel de eficacia.

Esta eficacia asentase tamén no peso e reforzo constante que se lle da a todas as mulleres xitanas, como persoas con un papel importante e determinante no que será a educación da súa familia, dándolle reforzos positivos en pro de que se perciban como unhas persoas con un potencial educativo enorme.

KACHÍ-KALÍ converteuse nun programa que traballa a saúde desde a súa dimensión máis global do benestar, baseándonos na idea da resiliencia, o que nos leva a reforzar todas as cualidades e potencialidades das mulleres: desde as habilidades artísticas de algunhas ata as culinarias de outras. Logrouse que fundamentando a nosa acción nesta premisa as destinatarias hoxe por hoxe ven en **KACHÍ-KALÍ**, o único espazo da semana “totalmente para elas”.

Un dos factores básicos dos bos resultados do programa, e o traballo en rede que se organizou cos **SERVICIOS SOCIAIS**,: reunións constantes e comunicación fluída entre as educadoras sociais do equipo técnico e o persoal do departamento. Esta coordinación levounos a poder traballar de maneira específica sobre cada unha das mulleres; reforzando aqueles aspectos máis necesarios.

Esta maneira de traballar en equipo tamén permitiu saír a comunidade para realizar diferentes actividades de participación comunitaria: elaboración e publicación dun recetario de comidas xitanas, organización dunha xornada gastronómica na que se elaboraron pratos típicos xitanos e se deron a probar a xente, e organización dun concerto no auditorio do concello (as solistas eran as propias mulleres).

OBXECTIVOS

Os obxectivos que **Xeneme Intervención-Social**. e **SS.SS.**, se plantexaron en **KACHÍ-KALÍ** eran os seguintes:

1. Establecer un sistema de traballo multidisciplinar entre o equipo técnico de **XENEME** e os **SS.SS.** do concello.
2. Dotar o grupo dun concepto integral de saúde dende unha perspectiva psíquica, física e social.
3. Promover uns estilos de vida de saudables.
4. Informar, formar e asesorar ás mulleres a tomar decisións acertadas en canto a levar unha alimentación equilibrada nas súas familias, na medida das súas posibilidades, desde a praxes da cociña.
5. Formar ás destinatarias no mantemento duns hábitos hixiénicos que axuden a manter a saúde e evitar enfermidades.
6. Traballar co grupo sobre a saúde sexual e chegar a coñecer as diferentes partes, funcións e hixiene básica dos órganos xenitais.
7. Desenvolver as habilidades sociais e de comunicación das destinatarias.
8. Favorecer o desenvolvemento das potencialidades das destinatarias, como mulleres.
9. Dar a coñecer a comunidade de Riveira as potencialidades das mulleres xitanas do concello.
10. Organizar actividades que promovan e dean a coñecer a cultura xitana a comunidade.

METODOLOXÍA

A metodoloxía que empregamos desde **XENEME**, ten un carácter fundamentalmente activo e participativo, onde as participantes son as principais constructoras do seu coñecemento.

Esta metodoloxía está apoiada no **aprendizaxe constructivista**, Preténdese a adquisición de novos contidos e habilidades a través da **vivencialización** e **reflexión individual** e **grupal**.

O modelo de intervención parte do traballo en parella de dúas educadoras, o que permite unha maior eficacia no traballo grupal e no aproveitamento e potencialización das participantes (control de todo o grupo, feed-back continuado,...).

Este modelo de traballo tradúcese nunha rendibilidade maior na inversión da organización contratante ó obter un produto de **alta calidade**.

Ademais disto a relación establecida entre as destinatarias e as educadoras caracterízase pola cercanía e confianza existente. Isto é algo que permite que durante o tempo da intervención se poidan abordar problemáticas e dúbidas persoais, que noutros contextos sería imposible abordar. Para moitas este é un espacio no que séntense libres e importantes.

Este clima de traballo reforzado, coa relación constante e directa cos SS.SS. posibilita, que en determinados momentos poidamos traballar moitos aspectos en conxunto, o que fai moito máis eficaz a labor socioeducativa desenvolta.

AVALIACIÓN

En **XENEME – Intervención Social** consideramos como pedra angular de todo proceso educativo a avaliación. Por este motivo establécemos tres momentos avaliativos :Inicial, continuo e final.estes resultados preséntanse nun **rigoroso informe final**.

Así mesmo, establécemos unha serie de **indicadores** avaliativos como son: número de participantes, participación das asistentes, análise de expectativas das participantes, motivación do grupo, nivel de adquisición de contidos, calidade das conclusións acadadas e tamén diferentes **instrumentos** de avaliación como: fichas avaliativas diarias, valoración das participantes no proxecto....

O longo de todo o proceso facemos un seguimento individualizado de cada unha das mulleres, mediante unha ficha específica na que se plantexan os elementos que se traballaron con cada unha. Isto serve para ter unha visión clara de en que aspectos melloraron, e cales hai que seguir reforzando (a educación dos fillos, as relacións cos seus maridos, os coidados médicos e revisións periódicas, o fomento da autoestima, a inserción sociolaboral,..).

RESULTADOS ACADADOS

1. A nivel xeral os principais resultados que podemos constatar son os seguintes:
2. Traballo coordinado e comunicación fluída entre os SS.SS. e XENEME Intervención Social.
3. Dar unha identidade propia o programa e acada recoñecemento social do mesmo.
4. A interiorización das mulleres, da importancia da Educación para a Saúde integral nas súas vidas.
5. A mellora da autoestima e potenciación das habilidades e aptitudes persoais das mulleres.
6. A creación de espazos de convivencia entre a comunidade xitana e o resto da poboación de Riveira.

A MODO DE EPÍLOGO

A mellor maneira que temos de tentar compartir convosco o que KACHÍ-KALÍ significa para as mulleres que acoden o mesmo, e transcribir unha poesía que unha delas elaborou. Nela tenta expresar que atopou en KACHÍ-KALÍ...

*Hoy estamos aquí reunidos porque les queremos mostrar,
El curso KACHÍ KALÍ, que cada día nos gusta más,
Esperamos con ilusión que disfruten de verdad,
de todo lo que se haga mucho no podemos dar,
pero lo que está a nuestro alcance se lo queremos mostrar.*

*En este curso Kachi-kalí, no solo aprendemos a cocinar,
sino también de salud e higiene y muchas cosas más;
de la cual desconocemos y aquí aprendemos
para un día nosotras poder enseñar.*

*No tememos muchos estudios, no pudimos estudiar
Pero eso no nos frena a la hora de avanzar,
Ya que nunca es tarde para querer,
Dar un vuelco a nuestra vida y ser todos igual.*

*Sin racismo ni envidia aprendemos a respetar,
Ya que somos todos iguales y no hay porque discriminar,
También quiero resaltar, algo que importa, y en este curso se hace notar;
Es el valor de la amistad
Que cada viernes compartimos con verdadera sinceridad.*

*Y no nos estorba ser gitana o paya, nos queremos igual,
Son nuestras profesoras, Ania y Mila, que son algo especial,
Solo sobra mirarlas, y sabrán que es verdad,
Nos contestan a las preguntas que solemos preguntar
Y resuelven nuestras dudas con gran facilidad,
Son dos muy buenas amigas que gran ejemplo nos dan.*

*Queremos dar las gracias a toda persona que permite celebrar,
El curso Kachí-Kalí que gran provecho nos dá,
Al Ayuntamiento, Servicios Sociales y a todos los demás,
Y decirles que en esta tarde, gracias por colaborar
Y pedirles con respeto que mucho tiempo más
De Kachí-Kalí podamos disfrutar.*

*M^a Fé Jiménez Jiménez.
Asistente Kachí-kalí*

BIBLIOGRAFÍA

CALVO BUEZAS, Tomás. *¿España racista?: voces payas sobre los gitanos*. Barcelona: Anthropos

GÓMEZ ALFARO, Antonio. *La gran redada de gitanos*. Madrid: Centro de Investigaciones gitanas

SAN ROMÁN, T. (1997). *La diferencia inquietante. Viejas y nuevas estrategias culturales de los gitanos*. Madrid. Siglo XXI.

RAMÍREZ HEREDIA, Juan de Dios. *En defensa de los míos ¿Qué sabe Ud. de los gitanos?* Barcelona: Ediciones 29